

Agora non podemos parar.

PSG
PSOE



Vota Touriño.
O Presidente.

Falamos de...
equilibrio
territorial



Falamos de equilibrio territorial

En toda Galicia os mesmos dereitos, as mesmas oportunidades

A primeira etapa do cambio

- **Deseñamos e puxemos en marcha o primeiro plan de reequilibrio territorial de Galicia** cun investimento de case 3 mil millóns de euros para os anos 2007-2011.
- **Con máis de 500 actuacións específicas e 25 núcleos dinamizadores, o Plan de Reequilibrio Territorial vai a dirixido a máis de un millón de galegos que viven no 88,3% do territorio**, de maneira que o investimento total do plan corresponde a case 2.600 euros por persoa.
- **Máis de 830 millóns do Plan dedícanse ás Infraestruturas produtivas**, como a autoestrada AG-53 Dozón-Ourense, a VAC Carballo-Cee, ou a autoestrada A-54 Lugo-Santiago; todas elas sen peaxe.
- **Á promoción económica dedícanse 633 millóns** para a creación de parques empresariais como Viveiro ou Vimianzo, ou co impulso do Porto Seco de Monforte ou a Cidade do Moble da Estrada.
- O Plan destina **602 millóns para actuacións relacionadas co medio rural e a pesca**, como a mellora das instalacións para actividades pesqueiras nos portos, ou o reforzamento da base produtiva agrogandeira.
- O plan dispón **327 millóns para equipamentos sociais como residencias para maiores ou a mellora e ampliación de equipamento sanitario e educativo**.
- **O Plan dedica 279 millóns ao medio ambiente** para actuacións como a Estación biolóxica no Courel, o Parque ambiental de Galicia en Carballada, ou a construción de Estacións Depuradoras de Augas Residuais en múltiples localidades galegas (Camariñas, Santa Corda, ou Arzúa).
- **Garantimos a chegada do transporte máis limpo e rápido, a AVE, para que vertebre Galicia no 2012**. Atópanse en obras os tramos do Eixo Atlántico e o Santiago-Ourense, e en 2009 adxudícaranse as obras de Ourense-Lubián e os proxectos de Ourense-Vigo.
- **Construímos máis e mellores vías de altas prestacións e fixémoslo con 0 kilómetros de peaxe**. Incrementamos esta rede nun 52%, con 133 Km. de autovía e 72 Km. de vías de alta capacidade.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



- **Deseñamos o Plan de Desenvolvemento Rural 2007-2013, dotado con preto de 1.500 millóns de euros de fondos públicos**, e no que está incluído o Programa LEADER, dotado con 149 millóns de euros, e elaboramos o Plan de Dinamización Económica do Medio Rural, proxectando máis de 3.500 actuacións en todos os concellos de Galicia.
- **Puxemos en marcha o Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural 2006-2009, dotado con 83 millóns de euros**, para perseguir a cohesión social e territorial en infraestruturas e servizos básicos como os abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas ou pistas rurais.
- Fomentamos o desenvolvemento sostible e os espazos naturais de Galicia, atendendo á transversalidade das políticas ambientais, coa **Lei de Protección da Paisaxe**.
- **Incorporamos 7.000 fincas ao Banco de Terras de Galicia (BANTEGAL)**, unha transformación ambiciosa do sistema produtivo agrícola de Galicia, buscando a colaboración en superficie, e dispendo de terreo ocioso para o crecemento do sector.

A segunda etapa do cambio

- **Elaboraremos un segundo Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2011-2015**, que contemple o desenvolvemento sostible do medio rural, para continuar a deter e invertir a desertización e o seu deterioro.
- **Investiremos 5.000 millóns de euros para executar o Plan Director de Estradas de Galicia** e construiremos 400 kilómetros de vías de alta capacidade das que 184 serán autoestradas libres de peaxe.
- **Garantiremos que o 100% dá poboación estea a menos de 30 minutos dunha vía de alta capacidade.**
- Realizaremos un **plan de competitividade do Turismo Rural** para conseguir un desenvolvemento turístico sostible e competitivo das zonas rurais.
- Impulsaremos iniciativas, como o **Plan Avanza**, para a integración das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) nas zonas rurais de Galicia e o **Programa de Extensión da Banda Ancha (PEBA)**.
- **Completaremos o despregue da rede de Televisión Dixital Terrestre (TDT) da Televisión de Galicia**, ampliando a cobertura no rural galego de xeito que se reciban todas as canles dixitais de televisión e garantindo unha cobertura mínima do 98% en todo o territorio.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



- **Impulsaremos a introdución das novas tecnoloxías da información e a comunicación nas explotacións**, co fin de mellorar a súa competitividade.
- Apoiaremos unha **PAC dotada cuns fondos comunitarios suficientes** e que teña en conta as específicas características da nosa agricultura.
- **Propiciaremos o funcionamento de AGADER e dos Programas e Grupos de Desenvolvemento Rural** como impulsores do desenvolvemento endógeno e sostible do territorio.
- Apoiaremos a **agricultura e gandería ecolóxica** e impulsaremos producións extensivas e integradas.
- Crearemos **programas e marcas de calidade**, para promover a mellora integral da oferta turística de Galicia.
- Impulsaremos, xunto co departamento con competencias en vivenda, un **programa de rehabilitación e mellora da calidade e servizos da vivenda rural familiar**, adaptado ás peculiaridades das zonas rurais.
- Impulsaremos **programas de actuación no sector vinícola** que permita a reestruturación, a reconversión de viñedos e a renovación dos envellecidos para consolidar as producións de calidade.
- **Impulsaremos os procesos de concentración privada colectiva** para axilizar a reorganización da propiedade e mellorar o aproveitamento dos terreos útiles.
- Impulsaremos o **Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL) como aglutinador e dinamizador da investigación, do desenvolvemento e da innovación tecnolóxica** no sector agroalimentario galego a través dos centros de investigación, as estacións experimentais e os laboratorios integrados.
- Impulsaremos a **colaboración entre produtores, industrias transformadoras, Universidades e centros de investigación** para innovar en novos produtos, procesos e tecnoloxías para optimizar e rendibilizar producións de calidade diferenciada, integrada e ecolóxica.
- Apoiaremos os **Centros Tecnolóxicos para fortalecer a investigación** e promover a competitividade das principais producións agrarias galegas.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



